

non des a esquecemento

blog de Luís Bará sobre memoria da Galiza represaliada e resistente

DOMINGO 20 SETEMBRO 2015

UN CESTO DE MAZÁS: A MEMORIA CORAL

As que pasaron os que quedaron, iso ninguén o sabe

Carmen Meaños Abuín A Carrilla

O segundo libro de Montse Fajardo, *Un cesto de mazás. Memoria das vítimas do 36 e do tempo que veu*, recolle dezaseis capítulos da violenta represión desatada polo fascismo en Galiza a partir de xullo do 36. Son historias dramáticas, impactantes, conmovedoras, protagonizadas por homes e mulleres humildes –obreiros, sindicalistas, mestres e mestras- que na maior parte dos casos saen do anonimato aos que os condenou o esquecemento imposto durante décadas.



Ilustración de Mario Granell incluída no libro *Un cesto de mazás*

O libro debulla a memoria da violencia, do terror e da dor sufrida polas vítimas directas e tamén -unha das grandes teimas da autora- da onda expansiva que alcanzou ás súas familias e que durou décadas, e segue aínda presente, como unha marca gravada a ferro na pel, no corazón, na alma. De feito, na maior parte dos capítulos, o protagonismo céntrase nos que quedaron: nas nais, nas irmás, nos fillos, nos compañeiros e compañeiras que tiveron que atravesar as estacións do horror, do medo, da necesidade, da humillación, do desamparo e do silencio obrigado. E con extraordinaria sensibilidade para captar os detalles, Montse Fajardo salfere as historias con escenas nas que abrolla a luz no medio da noite, nas que xorde a solidariedade, a tenrura, o amor, a compaixón para redimir as vítimas de tanta maldade. Aparecen así no relato mulleres que estaban cadáveres abandonados no monte; mulleres que ceden un lugar no camposanto para soterrar corpos anónimos, sen dereito a lápida, sen dereito a dó; nenos que balizan esas tumbas espidas orientándose co pau da luz; nenas que recollen flores para ofrendar aos asasinados; cestas de alimento que chegan de casas amigas, solidarias...

Contra o que poida parecer, *Un cesto de mazás* non é un libro pesimista, derrotista, triste. Todo o contrario. É unha obra esperanzada, combativa, rebordante de orgullo e dignidade. Do orgullo e dignidade que as familias gardaron durante décadas no interior das casas, nunha memoria íntima e resistente, e que agora ve a luz nun libro extraordinario, que fala de grandes sentimentos e emocións, de ideas e valores universais, de vidas que precisan ser contadas, coñecidas, lembradas.

Son vidas que a autora transmite con paixón, con lealdade, con extremo respecto. Porque indubidabelmente toma partido por elas, ponse do seu lado, na súa pel, na súa dor. Mais a fidelidade á memoria oral complementábase coa consulta de fontes escritas –xornais, libros de historia, expedientes oficiais- para conformar un relato sólido, rigoroso e cheo de emoción sobre o que pasou, sobre as que pasaron os que quedaron.

Malia traballar coa materia delicada da fonte oral, Montse Fajardo conxuga con mestría o oficio xornalístico, a investigación histórica e a narración literaria para construír un libro orixinal, fresco, moi coidado no fondo e na forma, que explora novos camiños para contar episodios da estremecedora represión que asolou Galiza no 36 e no interminábel tempo que veu despois.

E aínda que na construción do relato se percibe o dominio da arte narrativa, a capacidade para contar historias, para coidar os pequenos detalles, para a sorpresa e a emoción, ao longo do libro escóitanse unha e outra vez as voces das vítimas, ás que a autora cede o protagonismo absoluto. É así como a memoria oral se transforma en memoria coral, as voces solitarias en crónica solidaria, e a dor individual en berro colectivo.

Como as mulleres que no final do libro fan soar as tarteiras e os sachos en manifestación de alegría e rebeldía ao paso da comitiva fúnebre dun asasino, esa memoria coral transmútase nun conmovedor alegato contra a barbarie, en facho de luz vixía contra a desmemoria e nunha chamada para non adiar máis as arelas de xustiza.